

## **A PLATAFORMA DE APRENDIZAXE VIRTUAL EDIXGAL UNHA EDUCACIÓN DIXITAL INNOVADORA**

### **¿POR QUÉ...?**

O/A teu/túa fillo/a forma parte dunha xeración que crece nun mundo conectado, rodeado de smartphones, tabletas e ordenadores. A educación non pode ser allea a un mundo cada vez máis dixital. Por iso, desde a Xunta estanse pondo en marcha este tipo de proxectos nos centros educativos públicos da nosa Comunidade, enmarcados na Estratexia de Educación Dixital 2030, para proporcionarlle ao alumnado e aos docentes as ferramentas tecnolóxicas para que o ensino se axuste á realidade social na que viven as actuais xeracións.

### **¿QUÉ OFRECE?**

Neste centro a partir de 5º de Educación Primaria e nos cursos seguintes hasta 4º de ESO ofreceranse na aula contidos educativos dixitais grazas á plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal. As aula están equipadas para ofrecer aos/as alumnos/as unha experiencia educativa adaptadas ás necesidades duns/dunhas rapaces/as que se desenvolven nunha contorna tecnolóxica. Dispoñen dun encerado dixital interactivo, dun proxector, dun portátil para o/a profesor/a e dun ordenador por alumno/a. Ademais, contan con conexión Wifi para que o alumnado poida acceder aos contidos dixitais e seguir a actividade educativa na aula desde o seu equipo.

O/A teu/túa fillo/a vai ter á súa disposición os contidos de todas as materias correspondentes ao seu curso nunha plataforma virtual de aprendizaxe. Isto significa que non empregará libros en papel. O/A teu/túa fillo/a disporá dun PC Portátil con conexión a Internet co que poderá acceder á plataforma virtual de aprendizaxe antes referida empregando as claves que se lle entregan na clase. No centro educativo, a conexión á rede WIFI Abalar é automática, polo que non é necesario que o/a alumno/a faga ningún tipo de configuración. Pero o/a teu/túa fillo/a levará o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo profesorado e no fogar poderase conectar o equipo a unha rede WIFI seguindo uns pasos sinxelos.

Tamén poderá acceder á plataforma virtual de aprendizaxe sen ter conexión a Internet a través dun programa que vai instalado neste equipo. Deste xeito, en caso de que non dispoñan de conexión a Internet na casa, o/a teu/túa fillo/a podera seguir o curso sen dificultade. Calquera avance que realice sen conexión será actualizado de maneira automática na plataforma en canto o portátil volva a ter conexión a Internet, mesmo ao entrar con él de novo no centro educativo.

Ademais, o portatil proporciona ao alumnado un amplo conxunto de aplicacións educativas agrupadas por categorías como imaxes en 3D de planetas, táboa periódica ou editor de moléculas para ciencias; dicionarios para as materias de lingua; apps de experimentos e circuitos eléctricos para física ou de operacións e gráficas para matemáticas, entre outras...

O emprego destes recursos e ferramentas facilita ao alumnado a adquisición de competencias dixitais necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

### **¿QUÉ CONLEVA?**

O/A teu/túa fillo/a levará o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo profesorado comprometéndose a levar todos os días o ordenador ao centro coa batería completamente cargada e a devolve-lo cando corresponda en perfecto estado de funcionamento. Un correcto coidado do uso e do equipo conleva que non se poderá utilizar este equipo para ningún outro uso persoal ou profesional sen a expresa autorización do centro, non poderá cederse a terceiras persoas e non se poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software instalado. Deberá informarse ao/á titor/a do curso de calquera dano observado no equipo e,

no caso de ser necesario realizar unha reparación do hardware do ordenador, ésta deberá levarse a cabo nun servizo técnico autorizado para reparar o modelo de ordenador.

Ademais de que a utilización non permitida do equipo está recollida como conduta contraria á convivencia nas normas de organización, funcionamento e convivencia, a responsabilidade do correcto coidado do uso e do equipo recae nos/as pais/nais/titores/as legais dos alumnos/as, respondendo da perda do ordenador, do seu mal uso ou dos danos producidos no equipo (que supoña a rotura de calquera elemento do ordenador non contemplado na garantía). Lóxicamente, esta responsabilidade non inclúe aquelas avarías que poidan producirse pola simple utilización diaria do equipo e que estean recollidas na súa garantía.

Xunto con esta folla informativa o centro proporciónalles un formulario de asunción de responsabilidade dese correcto coidado do uso e do equipo antes expresada que deberá entregarse debidamente cumprimentado e asinado no centro educativo e con carácter previo á posta a disposición do equipo ao alumno/a.

Porén, se así o desexa, pode contratar un seguro anual que permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía. En concreto, o devandito seguro cubriría os danos derivados da rotura de calquera componente do equipo (pantalla, carcasa, teclas, bisagras, conector de alimentación, outros conectores, ...) e da rotura do cargador de alimentación. Pero non cubriría os danos derivados de roubo, hurto, extravío ou perda tanto do portátil, como do cargador de alimentación ou do lápis, nin tampouco cubriría os danos derivados da rotura do lápiz ou da punta deste. A contratación deste seguro realízase a través do Servizo Premium de Atención, Soporte e Acompañamento (do que se falará logo) e ven tendo un coste anual de 49€ que se pagan mediante transferencia bancaria.

## **¿CON QUÉN CONTACTO PARA CONSULTAR DÚBIDAS OU XESTIÓN DE AVARIÁS?**

Se che xorden dúbidas sobre o uso da plataforma ou tes unha incidencia técnica podes contactar:

- 1.-co equipo directivo e o coordinador Edixgal do teu centro educativo
- 2.-co Servizo Premium de Atención, Soporte e Acompañamento, de luns a domingo, a calquera hora, a través do teléfono 881 869 900, do correo electrónico [soporte.premium@edu.xunta.es](mailto:soporte.premium@edu.xunta.es), ou da mensaxería instantánea no número de WhatsApp 604 067 856 ou no Telegram na conta @Serviciopremiumedixgal.

Ademais podes ampliar esta información na seguinte dirección de Internet:

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/e-dixgal/informacion-para-familias>